



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO ANIMARTE NA CASA E CAMPAÑA #EUQUEDONOCOMERCIOLOCAL ORGANIZADO POLO CONCELLO DE RIBEIRA

Bases que rexen a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o concurso AnimARTE na Casa e a campaña #euquedonocomercio local organizado polo Concello de Ribeira.

Trátase dunha actividade promovida polo Concello de Ribeira dende as áreas de Cultura e Comercio co triplo obxectivo de poñer en valor a creación cultural realizada nos domicilios de todas e todos as e os ribeirenses, compartir entretendo e animando á cidadanía e axudar ao comercio local e a hostalería que está sufrindo os efectos da pandemia do covid19.

### 1. OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no concurso AnimARTE na Casa con premios e sorteos de vales de compra no comercio e hostalería locais así como para a adhesión á campaña #euquedonocomercio local por parte daqueles establecementos do Concello de Ribeira que tiveran que parar a súa actividade por mor do Covid19 segundo o decreto establecido polo Goberno central durante a aplicación do Estado de Alarma.

O Concello de Ribeira, a través das concellerías de Cultura e Comercio, porá en marcha o concurso AnimARTE na Casa, co fin de poñer en valor a creación cultural realizada nos domicilios de todas e todos as e os ribeirenses durante o Estado de Alarma por mor do Covid19 e premiando a súa creación e sorteando vales de compra de distinta contía económica que despois deberán gastar no comercio local por iso e baixo o hashtag #euquedonocomercio local tamén se ten como obxectivo axudar ao tecido económico do concello que está a sufrir os efectos da pandemia.

### 2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN DA CIDADANÍA NO CONCURSO ANIMARTE NA CASA:

#### 2.1.- Participantes no concurso, formato dos traballos e datos de envío:

Poderá participar calquera veciño ou veciña do municipio de xeito individual ou colectivo, maior de idade (aínda que poderá enviar as creacións dun menor) e temática libre cun único traballo por persoa e modalidade (unha persoa pode participar en máis dunha modalidade), enviando o mesmo en formato vídeo –non serve un audio-, texto ou fotografía (segundo sexa o caso) acompañado de nome e apelidos dos creadores, número de DNI, data de nacemento, domicilio, título da creación, modalidade e categoría na que participa e teléfono de contacto\* ao enderezo electrónico ou whatsapp antes sinalados, entendendo por parte da organización que a propia participación testemuña que as obras son orixinais e inéditas onde así se requira segundo a modalidade, á vez que autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade e faise responsable da veracidade dos datos facilitados. Tamén poderán participar de forma excepcional, e só nas categorías Infantil e Moza, as e os menores de idade que cursen estudos na actualidade en calquera centro educativo de infantil, primaria ou secundaria do municipio aínda que non estean empadroados no concello de Ribeira.



#### FIRMANTE - FECHA





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

\*Poderase cubrir a ficha de participación (Anexo I) para acompañar a creación que presenten.

## 2.2.- Prazo e lugar de participación:

As creacións deberán enviarse a partir do xoves 26 de marzo de 2020 ao enderezo electrónico [culturaefestexos@ribeira.gal](mailto:culturaefestexos@ribeira.gal) ou ben por Whatsapp ao 638 523 560. A duración do concurso será mentres se prolongue o Estado de Alarma.

## 2.3.- Modalidades dos traballos:

1. Artes plásticas (debuxo ou pintura; pastel, acuarela, carboncillo, acrílico, óleo, gravado, ceras, lapis de madeira, mixta ou calquera outra técnica).
2. Fotografía realizada dende a casa (en calquera formato, analóxico ou dixital, branco e negro, cor, orixinal ou tratada... interior do domicilio ou exterior dende a fiestra, terraza...).
3. Conto infantil ou relato escrito (máximo 1.000 palabras, poderá estar acompañada de imaxes ou non, en formato dixital).
4. Conto infantil ou relato oral (máximo 3 minutos, poderá ser dramatizado ou non, con atrezo, vestiario...); poderá ser orixinal ou non.
5. Poesía escrita (máximo: 50 versos, acompañada de imaxes ou non, en formato dixital).
6. Poesía oral (máximo 1 minuto, nunha gravación dramatizada ou non); poderá ser orixinal ou non.
7. Cómic ou banda deseñada (máximo tres páxinas tamaño Din A4, podendo empregar calquera técnica para a súa realización, manual ou dixital).
8. Interpretación dunha peza musical ou canción (máximo 3 minutos), xa existente; poderá ser individual ou colectiva, acompañarse ou non de instrumentos, etc.
9. Interpretación dunha peza musical ou canción (máximo 3 minutos), orixinal e inédita do intérprete que a envía de xeito individual ou colectivo, podendo acompañarse ou non de instrumentos...
10. Artes escénicas (monólogos, danza, teatro, monicreques, performance...)  
Vídeo curto (máximo 1 minuto de duración).
11. Artes escénicas (monólogos, danza, teatro, monicreques, performance).  
Vídeo longo (máximo 5 minutos de duración).

## 2.4.- Categorías e premios:

Haberá tres por modalidade divididas en tramos de idade, sumando un total de trinta e tres que aspirarán a un premio cada unha consistente nun diploma e un vale de compra no comercio local por importe de 150 € cun total de 4950 € en premios:

- Infantil: Ata 10 anos.
- Moza: De 11 a 17 anos.
- Adulta: De 18 anos en diante.

2/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007629500X9C8C2E6R6R7 en la Sede Electrónica de la Entidad

### FIRMANTE - FECHA

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/04/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2020 09:57:14

EXPEDIENTE ::  
2020CONV000003  
Fecha: 01/04/2020  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO  
GENERAL





### 2.5.- Dotación económica do concurso:

O concurso estará dotado dun total de 19.950 € a investir en todos os comercios do municipio e sector da hostalería e restauración local obrigados a pechar dende a entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, cantidade que se repartirá da seguinte forma: 4.950 € para 33 premios de 150 € aos máis destacados en cada categoría e modalidade e 15.000 € en 500 vales de compra de 30€ cada un que serán sorteados entre as e os participantes neste concurso así como entre aquelas persoas que acrediten ter participado dende a súa casa nas actividades deportivas que o Concello de Ribeira está organizando para emitir por televisión no Canal Barbanza TV –esta situación acreditarase cubrindo a mesma ficha e enviando un vídeo onde figure a participación nas actividades deportivas-.

### 2.6.- Publicación dos traballos recibidos:

Todas as creacións recibidas serán publicadas na páxina de ENTÉRATE do Facebook coa fin de que calquera persoa interesada poida entreterse coa súa visualización. Calquera creación poderá quedar eliminada e non ser publicada se a xuízo da organización pode supor un motivo de insulto, falta á verdade, mal gusto, machismo, racismo ou outro semellante. Todas as publicacións irán acompañadas do hashtag #euquedonocomerciolocal

### 2.7.- Premios, festival e exposición:

As creacións que máis GÚSTAME reciban en cada categoría e modalidade das trinta e tres propostas serán as gañadoras; así se fará constar nun acta publicada a tal efecto unha vez rematado de xeito oficial o confinamento e se comunicará aos interesados segundo o establecido na Base 4 para proceder á entrega do seus premios e diplomas nun acto público a celebrar no marco dun festival ou dunha exposición, segundo sexa o caso, coas obras máis destacadas de todas as recibidas, baixo organización pola Concellería de Cultura de xeito presencial como unha iniciativa de celebración por ter superada esta etapa e vencido ao covid19 e mentres tanto, con todas as obras recibidas contribuiremos entre todas e todos a pasar esta corentena do xeito máis ameno posible.

### 2.8.- Sorteo dos 500 vales de compra de 30€

O sorteo terá lugar nun acto público nun día e hora a determinar que será publicado na web municipal e aos medios de comunicación locais unha vez remate o estado de alarma do covid19, ante notario, no salón de actos do C.C. Lustres Rivas sito en Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 20, 2º andar dereita de Ribeira (A Coruña). O sistema será por extracción de números ata completar a totalidade dos obtidos dos participantes no concurso e nas actividades deportivas organizadas polo Concello durante o confinamento, tras a realización dunha lista numerada que será publicada ao efecto co anuncio da data do sorteo. Extraeranse números suficientes ata reunir os 500 vales de 30€ cada un, sen suplentes.

### 2.9.- Caducidade de premios e vales:

No suposto de que algún dos 33 premios ou vales agraciados non fosen recollidos na Concellería de Cultura antes do prazo dun mes dende a data do sorteo e publicación da listaxe de agraciados na web municipal e taboleiro de anuncios do concello, perderán a súa validez e non serán entregados ás persoas interesadas.





### 3.- REGULAMENTO PARA A ADHESIÓN Á CAMPAÑA #EUQUEDONOCOMERCIOLocal ANIMARTE NA CASA:

#### 3.1.- Establecementos beneficiarios:

Serán destinatarios desta campaña aqueles establecementos, calquera que sexa a súa actividade, radicados no municipio de Ribeira e que tiveran que parar a súa actividade, independentemente do tempo de duración, por mor do Covid19 segundo o catálogo de actividades establecido nos distintos decretos do estado de alarma do Goberno do estado.

#### 3.2.- Funcionamento. Mecánica e prazos da campaña:

O Concello de Ribeira outorgará 33 premios de vales por valor de 150 € cada un ás creacións máis destacadas en cada categoría e modalidade e 500 vales de compra de 30€ cada un que serán sorteados ante notario entre as e os participantes neste concurso así como entre aquelas persoas que acrediten ter participado dende a súa casa nas actividades deportivas que o Concello de Ribeira está organizando e emitindo por televisión no Canal Barbanza TV –esta situación acreditarase cubrindo a mesma ficha e enviando un vídeo onde figure a participación nas actividades deportivas-.

Aqueles establecementos do municipio, do sector comercial, hostaleiro, da restauración ou industrial que se atopen entre as pemes e que cumpran coas bases desta convocatoria e estean interesados en adherirse a esta campaña poderán facelo e beneficiarse así da mesma xa que serán os locais nos que se poderán gastar os vales outorgados nesta actividade.

Unha vez rematado o Estado de Alarma e feito o recuento de votos e o sorteo o Concello publicará unha listaxe con todas as persoas gañadoras e agraciadas e entregará os distintos premios no C.C. Lustres Rivas durante o mes seguinte á publicación da listaxe, dando dous meses de prazo aos premiados -dende a publicación da listaxe- para que poidan gastar os seus vales nos establecementos adheridos à campaña e do seguinte xeito:

- O Concello entregará 5 vales de 30€ cada un (un total de 150€) aos 33 premiados nas distintas categorías e 1 vale de 30€ a cada un dos 500 agraciados a través do sorteo; os vales terán unha matriz con números correlativos, dando como resultado a realización de 665 vales de 30 € para o total de 19.950,00 € da dotación do concurso AnimARTE.
- Cada vale de 30€ deberá gastarse integramente nun único establecemento e dito establecemento adherido estará obrigado a aceptalo como medio de pago, gardando o vale orixinal como xustificante da realización desa venda.
- Rematado o prazo de 2 meses dende a publicación da listaxe de agraciados para que os gañadores realicen as súas compras, cada establecemento adherido á campaña terá 1 mes de prazo para presentar no Concello de Ribeira unha factura formal polo importe total dos vales canxeados entregando como xustificante os propios vales empregados polos clientes, para que posteriormente o Concello e como data limite o 31/12/2020 proceda ao abono dos mesmos por transferencia bancaria. Os establecementos participantes deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e non incorrer en ningunha causa que os exclúa de poder facturar a unha administración pública, debendo facilitar o seu CIF, IBAN e a documentación que o concello estime oportuna aos efectos de efectuar o pago correspondente.





### 3.3.- Forma e prazo de adhesión á campaña:

Aqueles establecementos do municipio que cumpran coas bases desta convocatoria e estean interesados en adherirse a esta campaña poderán anotarse a partir do día seguinte á aprobación e publicación destas bases en [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal) e no taboleiro de anuncios do – Concello de Ribeira e como data límite ata o día en que remate o Estado de Alarma decretado polo Goberno.

Para inscribirse deberán enviar en dito prazo un correo electrónico ao enderezo [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal) ou ao teléfono móbil 686 587 000 que inclúa os seguintes datos:

- Nome comercial do establecemento e NIF/CIF con datos fiscais (se pode adxuntar pdf mellor)
- Enderezo do establecemento e IBAN da conta bancaria (se pode adxuntar pdf mellor)
- Nome e apelidos así como teléfono da persoa de contacto: propietario/xerente/encargado

### 4.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A instrución e resolución do procedemento corresponderalle ás Concellaría de Cultura e Turismo/Comercio a través do seu persoal sen ser preciso a constitución dunha comisión avaliadora nin xurado xa que os premios serán outorgados aos traballos que en cada modalidade e categoría obteñan máis “Gústame” no perfil de FACEBOOK que a Concellaría de Cultura ten no Entérate durante a duración do estado de alarma aprobado pola crise sanitaria do covid19. Por outra banda, o sorteo dos 500 vales de 30 € cada un realizarase ante notario no salón de actos do C.C. Lustres Rivas de Ribeira.

#### Resolución do procedemento:

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local. A resolución da concesión ditarase no prazo máximo dun mes unha vez rematado o estado de alarma polo covid19:

A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución dos premios e vales de compra en base ao informe emitido polo persoal das Concelleiras de Cultura e Turismo/Comercio, e publicarase unha lista cos beneficiarios e importes correspondentes no Taboleiro de anuncios do concello e na páxina web [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)

Contra a resolución adoptada na execución da presente convocatoria poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes dende a data de publicación da resolución. Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Todas as notificacións e publicacións relacionadas con esta subvención realizaranse na páxina web municipal [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira.





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

### 5.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA.

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 19.950,00 euros, con cargo á partida 334.48014 do Orzamento municipal de Ribeira do ano 2020.

### 6.- ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓNS EN CANTO Á L.P.D.

A mera participación no sorteo supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo. Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter personal forman parte dun ficheiro denominado "ANIMARTE NA CASA", podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña). O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña. No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada no sorteo renuncie a algún premio deberá formalízalo por escrito na sede da Asociación de Empresarios de Ribeira no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios; unha vez rematado o prazo, todos os premios e vales do sorteo non canxeados perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

Manuel Ruiz Rivas.

Alcalde-Presidente.

6/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40007629500X9C8C2E6R6R7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 03/04/2020  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2020 09:57:14

EXPEDIENTE ::

2020CONV000003

Fecha: 01/04/2020

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





## ANEXO I: FICHA PARTICIPACIÓN: “AnimArte na casa”

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

Representa a (nome e apelidos, en caso de menores de idade): \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ nado o (data de nacemento) \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Código Postal: \_\_\_\_\_

Título da obra: \_\_\_\_\_

Modalidade á que pertence: \_\_\_\_\_

Categoría á que pertence: \_\_\_\_\_

DECLARO que a obra presenta en orixinal e inédita (no caso de consideralo así a modaliade na que participa) e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicar e difundir a obra presentada nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA); lopd@ribeira.gal O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en lopd@ribeira.com. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@ribeira.com



FIRMANTE - FECHA

